

—Está aí no medio e non se move!

—Non hai dereito, profesor!

—Con ela aí non hai quen xogue!

O profesor, un home barrigudo cun bigote enorme, achégase a Lúa.

—Veña, rapaza, xa está ben. Vai á bancada.

—Non, grazas. Prefiro ler aquí.

—Aquí non podes! Non ves que non deixas xogar?




Lúa levanta a cabeza e observa o círculo que se fixo ao seu redor. Incluso as persoas que normalmente están nas bandas do patio para non molestaren se achegaron á pista, curiosas.

—Non entendo. Hai algunha norma que prohiba que me poña onde queira?

—Ten razón, Adán —di a profesora, mentres lle chisca un ollo a Lúa sen que ninguén a vexa e o home bufa movendo todos os pelos do bigote—. O patio é de todos. É de todas.



An illustration of a young girl with brown hair tied in a ponytail, freckles, and a blue headband. She is looking up from a yellow book she is holding. She is surrounded by the legs and feet of other people, suggesting a crowded setting like a sports field. To her right, a soccer ball is visible. The background is a light blue color with some faint white lines.

Lúa é un cono humano posto no medio
que tan só hai que esquivar.

—De verdade que non vos entendo. Conquistes que Anxos xogase coma o resto, que máis queredes?

Non poden facer nada, así que cando a curiosidade se esvae e a xente comeza a volver ao seu sitio, o partido iníciase de novo.

Ao día seguinte, Lúa volve saír ao patio disposta a sentar no medio da pista, e entón decátase de que a nena da pelota de tenis xa está alí. Saúdanse mentres o resto xoga ao fútbol ao seu redor, obviándoas. A rapaza saca da mochila dúas pas de praia e sorrille.

—Queres?



É o primeiro recreo no que Lúa se diverte en moito tempo. Minutos antes de que soe o timbre, Uxío úneselles. Decátase por fin de que non ten nada de malo que a un neno non lle guste o fútbol*.



[*] Sabías que os peixes pallaso poden cambiar de sexo segundo mellor lles conveña para adaptárense e sobrevivir? A ninguén lle importa se son machos ou femias!